

Asignación de espazos da ETSE para despachos e laboratorios ó Departamento de Enxeñaría Química.

(Aprobado por Xunta de Escola de 14. 06. 2007)
(Corrección de erros aprobada pola Xunta de Escola de 15.11.2007)

- 1.- O Departamento de Enxeñaría Química, previo ó traslado as novas instalacións na ETSE, fixo, baixo os seus criterios, unha proposta de reparto de despachos profesores con docencia no Campus de Santiago de Compostela e dos espazos de investigación entre os diferentes grupos formalmente constituídos.
- 2.- Trala petición de despachos para profesores do Departamento con docencia no Campus de Lugo, dende a Dirección da ETSE remitiuse un escrito ó Departamento de Enxeñaría Química cunha distribución provisoria
- 3.- Posteriormente os profesores do Departamento de Enxeñaría Química redefiniron a distribución dos despachos.
- 4.- Levando case que 4 anos do comezo das actividades de docencia e investigación na ETSE compre clarexar o uso e asignación de espazos para os diferentes usos..
- 5.-.Asígnanse ó Departamento de Enxeñaría Química os seguintes espazos, nas condicións indicadas no punto 6.
 - Despachos: D1.1 a D1.5; D2.1 a D2.5; D3.1 a D3.12., nas plantas 1,2 e 3 do edificio de Enxeñaría Química
 - Sás de Reunión: Sala X.3.2 na planta 3 do edificio de enxeñaría química
 - Laboratorios e espazos de investigación: L 1.1 a L 1.9 e L2.1 a L.2.9, nas plantas 1 e 2 do edificio de enxeñaría química.
 - Almacéns (Planta -1): 2, 3 e 4. do edificio de enxeñaría química
 - Taller Mecánico.
- 6.- Tódolos laboratorios e instalacións docentes son responsabilidade da Escola.
- 7.- A xestión de espazos na planta piloto así como os laboratorios anexos terá unha responsabilidade compartida polo Departamento e a Escola.
- 8.- O Departamento de Enxeñaría Química asume, nos espazos asignados ós seguintes compromisos
 - 8.1. Solicitar permiso para realizar obras que supoñan una reforma da distribución.
 - 8.2. Non realizar modificación algunha nas fachadas ou nas paredes exteriores.
 - 8.3. Manter tódalas condicións de seguridade requiridas no plan de riscos da ETSE.
 - 8.4. Informar sobre todas aquelas actividades ou instalacións que podan requirir unha atención especial baixo o punto de vista de seguridade ou salubridade.
 - 8.5. Informar sobre o cambio de usos ou usuarios de despachos e laboratorios, de cara á rotulación de paneis informativos, dos buzóns de correos e asignación das extensións telefónicas.